



## PRESENTACIÓN DA MANIFESTACIÓN “O POBO GALEGO UNIDO CONTRA A DEPRDACIÓN ENERXÉTICA”

**A mobilización partirá da Torre da Mosquera ás 12.30h. do domingo 21 de maio**

Lugo, 08 de Maio. Na mañá de hoxe tivo lugar no **Centro Social A Hedreira** a presentación en rolda de prensa da manifestación “**O pobo galego unido contra a depredación enerxética**”, convocada pola coordinadora local [Un Vento Vén](#) en LUGO ás 12.30 do DOMINGO 21 DE MAIO.

Con esta comparecencia **queremos facer un chamamento á cidadanía para visibilizar a oposición social crecente, tanto nas áreas rurais como urbanas, á proliferación masiva de polígonos industriais eólicos imposta pola Xunta de Galicia e o Goberno do Estado ao rebufo dos intereses do oligopolio enerxético.**

**A produción de enerxía renovable ten que levarse a cabo dun xeito racional e ordenado, e non a base de [modificar a lexislación](#) para dificultar a participación social e acelerar o desenvolvemento de polígonos industriais eólicos sen ter en conta os seus impactos medioambientais e humanos, como está a acontecer arestora.**

**Estes polígonos afectan directamente ás augas, á paisaxe, a unha cuestión esencial para a nosa supervivencia como é a produción de alimentos, así como á flora e á fauna protexida, prexudicando directamente a calidade de vida da veciñanza, que de executarse estes proxectos verían relegadas as aldeas nas que habitan á condición de “parcelas” dun polígono industrial.**

**A produción de enerxía debe facerse baixo criterios que respecten a nosa contorna, o noso patrimonio, a ecoloxía e a vida de xente, e non dándolle para adiante ás présas e masivamente ás Declaracións de Impacto Ambiental (DIA) -como fixo a Xunta de Galicia cas 77 aprobadas a principios de ano-, nin lanzando de golpe 75 polígonos, como anunciou o presidente Rueda a finais do mes de abril.**

Atendendo á nosa superficie, **Galiza é o primeiro territorio en xeración de enerxía eólica a nivel estatal**. A nosa terra está xa ocupada con máis de 180 polígonos eólicos en funcionamento, superando os 4.000 muíños e os 3887 MW de potencia instalada. Innda así, **baixo a febre dos fondos Next Generation EU, existen máis de 300 novos proxectos en fase de tramitación**, ca intención de multiplicar innda máis os desorbitados beneficios das empresas enerxéticas duplicando esta potencia. En **eólica mariña, cinco dos 19 polígonos proxectados en todo o Estado o son na Galiza**, ocupando 2.350 metros cadrados, é dicir, o 47% da superficie total.

Esta invasión de proxectos non ten como principal obxectivo descarbonizar a economía para satisfacer as demandas enerxéticas da poboación nun mundo máis xusto, senón que resposta a **fins economicamente lucrativos para as empresas, convertendo a electricidade noutra burbulla especulativa máis na que o mercado é o unico importante**. De feito, grande parte da enerxía producida a base da súa concentración en **áreas de sacrificio**, como o noso País, pérdese durante o seu traslado aos centros de consumo.

Confirmando a cada vez maior preocupación social pola influencia do *lobby* eólico no ámbito político, son xa varios os casos nos que **a Xunta autoriza estes proxectos e a Xustiza, logo do traballo das activistas, declara ilegais**. Polígonos que, privilexiados por sistemas de negociación espurios e tendo a **expropiación como arma -pola súa declaración de “utilidade pública”-** devalúan as economías locais e a saúde dos seus habitantes, prexudican a biodiversidade, degradan as comunidades rurais e destrúen a paisaxe e o patrimonio.

É urxente deter o cambio climático, pero non se fará seguindo este vórtice suicida de desenvolvemento e extractivismo. Como nos lembra o propio Panel Intergubernamental sobre Cambio Climático da ONU: **antes que calquera outra, a mellor medida para loitar contra o cambio climático é a preservación dos ecosistemas**.

Por iso pedimos **paralizar de xeito inmediato o plan eólico vixente e os proxectos en trámite, e apostar por un modelo enerxético transparente, xusto, descentralizado e descarbonizado, que potencie a soberanía enerxética dos pobos, con redución do consumo e sustentado en redes de distribución local**.

Logo das manifestacións celebradas na Coruña en setembro do ano pasado e en Vigo a principios do presente, **o domingo 21 de maio, ás 12.30h., seguindo o ronsel de [Foi Polo Vento](#) e [Veu Polo Aire](#) e de tantas compañeiras que loitan, sairemos á rúa en Lugo para berrar que Un Vento Vén, un vento cada vez máis forte, que sabe da insostenibilidade deste modelo económico, e que lembra que o territorio tamén é noso e a forma de habitalo pertencenos**.

Grazas pola vosa atención

Máis información: [unventoven@gmail.com](mailto:unventoven@gmail.com) @unventovén

(TLF: 653 66 21 42)